

PLAN ANUAL
DE
ORIENTACIÓN

CURSO 2.008-09

C.E.I.P. PENA DE FRANCIA
MOS

ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN	3
CONSTITUCIÓN	4
OBXECTIVOS	4
PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS	6
APOIO Ó ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS	6
AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO DE E. INFANTIL	8
AVALIACIÓN DE HABILIDADES DE DESENVOLVEMENTO MADURATIVO	9
HÁBITOS E TÉCNICAS DE ESTUDIO	9
PLAN DE CONVIVENCIA	10
TEMPORALIZACIÓN	11
METODOLOXÍA	11
RECURSOS	12
AVALIACIÓN	12

XUSTIFICACIÓN

Referencias legislativas

Na LOE establécese que a titoría e a orientación formarán parte da función docente.

Na Comunidade Autónoma de Galicia a creación dos departamentos de orientación está contemplada no decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG. de 27 de abril) que regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e establece a configuración dos servizos de orientación internos mediante os Departamentos de Orientación.

En síntese prevé a creación de departamentos de orientación nos colexios de Educación Infantil e Educación primaria que funcionarán de forma coordinada cos institutos de E.S.O. ós que esten adscritos.

Desaparecen os Equipos Psicopedagóxicos de Apoio que existían ata agora por zonas e créase un equipo de orientación específico (E.O.E.) a nivel provincial.

A orde de 24 de xullo de 1998 (DOG. de 31 de xullo) establece a organización e funcionamento de orientación educativa e profesional

Concreta as funcións dos departamentos e as de os E.O.E.

Descrición de contexto

O C.E.I.P. Pena de Francia está situado nunha parroquia do municipio de Mos, aproximadamente a uns 15 km. da cidade de Vigo. Neste momento é unha zona industrial na que quedan restos de actividade agrícola coma complemento da actividade central das familias e continuidade da forma de vida tradicional galega. En xeral, os pais e as nais traballan fora o que conleva que en ocasións, deleguen as tarefas educativas noutras persoas: familiares, coidadores..., ou servizos públicos (sobrecarga de actividades extraescolares, ludoteca...)

O municipio é un dos máis extensos da provincia, e a poboación vive bastante dispersa, lonxe do núcleo comercial e administrativo pertencente a Porriño e Vigo. No alumnado esta dispersión dificulta as súas relacións sociais fora da escola e a participación en actividades lúdico-deportivas de tipo libre.

Estes condicionantes socio-culturais fan que propoñamos un plan de orientación compensador dos posibles déficits pero sobre todo preventivo. Pensamos que a escola debe crear un medio rico en estímulos que favoreza o crecemento persoal, cognitivo e social dos nenos e nenas, prevendo as dificultades específicas mediante unha atención axeitada ós procesos de desenrolo individual e social, facendo un seguimento e control deses procesos madurativos e de desenvolvemento nas distintas áreas de aprendizaxe.

A orientación, desde esta perspectiva, debe ser considerada unha actividade educativa situada dentro da función docente, como unha actividade curricular.

Vese de gran necesidade o carácter preventivo ademais de terapéutico.

CONSTITUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación na Comunidade Autónoma de Galicia, neste curso 2.008-2.009 os compoñentes do Departamento de Orientación do C.E.I.P. PENA DE FRANCIA DE MOS son:

Coordinadora de Educación Infantil: Dna. Rosa Cameselle Fernández.
Coordinadora do 1º Ciclo de Educación Primaria: Dna. Susana Vázquez Bouza.
Coordinadora do 2º Ciclo de Educación Primaria Dna. Blanca Forja Ramos.
Coordinador do 3º Ciclo de Educación Primaria: D. Antón Torreiro Varela.
Profesora Especialista en Pedagogía Terapéutica: Dna. Isabel Domínguez Carrera.
Profesor Especialista en Audición e Linguaxe: D. Arcadio Rodríguez Vázquez.
Profesora especialista en Audición e Linguaxe (compartida): Dna. Sonia López Francisco.
Xefa do Departamento: Dna. Mª Carmen Rajoy González.

Coordinación:

Externa: I. E. S. de Mos.
E. O. E. Provincial.

Interna: Xefe do Estudos – Comisión de Coordinación Pedagóxica – Titores.

OBXECTIVOS

En consonancia coa concepción da orientación exposta no Decreto 120, e para o noso contexto, establécense os seguintes **obxectivos xerais**:

- Contribuír á personalización da educación (integridade e individualización).
- Axusta-la resposta educativa ás necesidades particulares dos nenos e nenas, mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e organizativas.
- Cooperar na educación para a vida, favorecendo aprendizaxes funcionais.
- Favorece-los procesos de madurez persoal desenrolando a propia identidade e sistema de valores.
- Garantiza-los elementos educativos máis diferenciados e especializados.
- Preve-las dificultades de aprendizaxe antes de que aparezan.
- Asegura-la continuidade educativa a través dos distintos ciclos e etapas.
- Fomenta-la participación dos pais e nais nas actividades de reforzo, apoio ante as dificultades e problemas dos seus fillos e fillas.
- Fomenta-la participación dos pais e nais na vida escolar.
- Contribuír á adecuada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Contribuír a asesorar en medidas de innovación que redunden nunha educación acorde coas necesidades do noso alumnado.

Estes obxectivos xerais desenvolveranse nos seguintes obxectivos específicos para cada un dos campos da acción orientadora:

Orientación para a organización e funcionamento do centro:

- Dinamizar medidas que incidan na mellora da convivencia no colexio.
- Concluir o Plan de Convivencia.
- Poñer en marcha o Plan de Convivencia, avaliar e facer os axustes necesarios para que sexa funcional.
- Coordina-los recursos do centro cos do Concello e outras institucións que estean a incidir no desenvolvemento do alumnado.
- Promove-la coordinación do noso centro co I.E.S. de Mos para que as nosas actuacións sexan coherentes e para axudar ós nenos e nenas nos momentos de transición a un novo colexio.
- Promove-la coordinación entre as distintas etapas e ciclos educativos.
- Ofrecer recursos documentales e bibliográficos.

Orientación e colaboración co profesorado:

- Colaborar na detección das necesidades educativas especiais e no tratamento das mesmas.
- Asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares Individuais.
- Colaborar co profesorado na procura de metodoloxías, materiais, estruturas organizativas que mellor contribúan a potencia-las capacidades dos alumnos e alumnas e a acadar-los obxectivos educativos programados.
- Asesorar para a resolución das dificultades de adaptación, axuste persoal e aprendizaxe que experimentan certos nenos e nenas.
- Potencia-la coordinación entre os distintos mestres e mestras que inciden no alumnado.

Orientación ó alumnado:

- Realiza-las avaliacións diagnósticas dos alumnos e alumnas que o precisen.
- Coordina-la atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaborar na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización.
- Avalia-lo grao de adquisición-asimilación dos requisitos madurativos do alumnado do 3º nivel de E. Infantil.
- Detecta-los déficits nas áreas avaliadas, tanto a nivel individual coma grupal.
- Colaborar na escolarización de alumnado procedente doutros centros e en especial dos que procedan do estranxeiro.

Orientación ás familias:

- Impulsa-la súa participación na vida escolar.
- Potenciar a súa participación no proceso educativo para que este teña continuidade.
- Recoller información relevante para unha adecuada resposta educativa no centro.
- Informalos sobre determinadas características dos seus fillos e fillas.
- Ofrecerlles pautas concretas de actuación que favorezan a relación cos fillos e fillas.
- Orientalos no uso de recursos e servizos do contorno que poidan complementa-la acción educativa desenvolvida no centro.

Así, pois as tarefas de orientación diríxense tanto o alumnado coma o profesorado e os pais e nais e desenrólanse en distintas modalidades de actuación:

- Anticipadora e preventiva dos problemas.
- Compensadora ante posibles déficits.

- Favorecedora da diversidade e do desenvolvemento individual dos nenos e nenas, así como da cualificación dos mestres e mestras.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

No presente curso escolar 2008/09 propoñemos os seguintes programas específicos de traballo:

- Apoio ó alumnado con necesidade de apoio específico.
- Avaliación inicial do alumnado de E. Infantil.
- Avaliación de habilidades de desenvolvemento madurativo.
- Iniciación ós hábitos e técnicas de estudo.
- Mellora da convivencia. Remate e posta en funcionamento do Plan de Convivencia.

APOIO Ó ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

*** PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

A aula de Pedagogía Terapéutica atende a todos aqueles alumnos e alumnas que presentan necesidades específicas de apoio educativo.

Na aula trátanse as dificultades que presentan para chegar á normalización do alumno/a. O traballo cos alumnos/as pode ser individual ou en pequenos grupos, agrupándoos segundo as dificultades e necesidades que presenten. A atención a estes alumnos realízase na aula específica tendo como obxectivo final a integración na súa propia aula. Os obxectivos desta actuación son os seguintes:

- Ofrecer aos alumnos/as unha resposta educativa axustada ás súas necesidades.
- Contribuír á rápida detección de problemas escolares, así como a identificación das necesidades especiais de carácter individual que manifieste o alumno/a co seu correspondente tratamento.

Darase prioridade na atención directa da especialista aos niveis educativos máis baixos para subsarnar as dificultades o antes posible.

A intervención educativa nesta aula baséase nunha metodoloxía individualizada, con aprendizaxes que sexan significativos e contextos diferentes que faciliten a xeneralización do aprendido.

A aula de Pedagogía Terapéutica conta con material específico, variado e adaptado as necesidades que presente os alumnos/as, ademais de dous equipos informáticos.

Cada alumno/a ou grupo conta ca súa programación individual da problemática do seu caso, no que se especifica de onde partimos, onde temos que chegar e aqueles obxectivos e actividades que facer posible a normalización e integración.

Todo iso encamiñado a favorecer os aspectos de enriquecemento que proporciona a diversidade, potenciando a normalización e a igualdade de oportunidades.

A previsión de alumnos/as que atenderá a especialista será de trece, número que poderá variar en función das necesidades e evolución individual de cada educando.

A continuación refléxase as actuacións a levar a cabo:

- En Educación Infantil atenderase a dous alumnos unha sesión diaria para desenrolar estratexias cognitivas e de desenvolvemento persoal, habilidades gráficas e de lóxica-matemática e aspectos motrices.
- En 1º curso do Primeiro Ciclo de Primaria recibiran axuda dous alumnos catro sesións semanais para desenvolver aspectos de maduración xeral e de iniciación a lectura, escritura e matemáticas.
- En 2º curso do Primeiro Ciclo de Primaria serán atendidos tres alumnos catro sesións semanais para reforzar as técnicas instrumentais básica así como estratexias cognitivas que lle axuden no seu desenrolo persoal para conquistar os obxectivos de ciclo.
- En 4º Nivel do Primeiro Ciclo de Primarias serán seis alumnos/as os que recibán apoio na área de lingua tres sesións semanais e outra de matemática.

Ademais as actuacións da especialista no desenrolo da actividade docente estarán centradas :

- Contactar periódicamente cos pais/nais do alumnado con NEAE para recabar e dar información da evolución dos fillos/as co fin de adquirir un compromiso compartido para o desenrolo do alumnado
- Colaborar nas medidas de reforzo educativo e na súa avaliación; se fose o caso, nas adaptacións curriculares individualizadas.
- Potenciar a atención directa no grupo no que está integrado o alumnado con NEAE, sempre que sexa posible.
- Coordinar cos titores/as e mestres implicados na educación dos nenos/as con problemas. Revisando regularmente as líneas de actuación para unha maior efectividade no traballo co alumnado.
- Participar na avaliación, seguimento e promoción dos alumnos con NEAE, incluíndo a participación na toma de decisións sobre as posibles modificacións que poidan xurdir na súa escolarización.

* AUDICIÓN E LINGUAXE

As actuacións dos mestres especialistas en **Audición e Linguaxe** centraranse fundamentalmente no alumnado con problemas no ámbito da comunicación. De xeito individual as intervencións serán:

En E. Infantil: problemas de apertura comunicativa, problemas de patoloxías diagnosticadas e problemas de linguaxe en nenos e nenas con déficit cognitivo asociado.

En E, Primaria: presenza de dislalias, retraso da linguaxe nos seus compoñentes verbais básicos (fonético-fonolóxicos, morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-discursivos), dificultades de comprensión e expresión e alteracións lectoescriptoras en lectura fonética, presilábica e silábica. Atendemos tamén patoloxías específicas que manifesten alteracións no desenvolvemento da comunicación en calquera das súas manifestacións.

Incidirase na implicación das familias dándolle pautas de actuación definidas tando respecto á axuda concreta que poden proporcionarlle ós seus fillos e fillas como a forma de abordar na casa algúns exercicios que lles poden beneficiar.

Os mestres especialistas en Linguaxe desenvolveremos tamén en tódolos grupos de E. Infantil un **PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE** dende unha plataforma de obradoiros de prevención e desenvolvemento da linguaxe oral.

Durante a etapa infantil atopámonos con nenos e nenas cunha grande variedade na súa maduración lingüística, o que repercute de xeito directo no desenvolvemento non só da súa linguaxe posterior senón tamén na estruturación do seu pensamento. De hai a necesidade da estimulación específica deste aspecto madurativo.

Este programa ten un marcado carácter preventivo. Baséase na detección temperá das dificultades de adquisición e desenvolvemento da lingua oral. Pretende previr os posibles transtornos da linguaxe, subsanar os retrasos producidos e potenciar a futura adquisición da lectoescritura.

O primeiro paso será a valoración inicial das habilidades e aptitudes que se van a traballar para adaptar os obxectivos e actividades ó nivel que presenten.

Os aspectos concretos a traballar serán:

- Coñecemento e control dos elementos que interveñen na comunicación oral.
- Discriminación auditiva.
- Articulación clara e correcta dos distintos sonidos da nosa lingua.
- Ampliación do vocabulario.
- Expresión libre ou dirixida cunha correcta construción de frases utilizando distintas formas da lingua.

Xúntanse os horarios do profesorado de E. Especial (Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) e da orientadora. Este horario é flexible, pode estar suxeito a modificacións ó longo do curso.

AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO DE E. INFANTIL

Ó profesorado do colexio parécenos necesario coñecer, canto antes e permanentemente, as circunstancias específicas de cada neno e cada nena, tanto no que atinxe ó seu desenvolvemento xeral coma o contexto familiar. Ademais, de acordo co regulado na Orde do 27 de decembro de 2.002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con n.e.e. tódolos alumnos e alumnas que inician a súa escolarización serán obxecto dunha avaliación inicial.

Esta avaliación será levada a cabo, durante o 1º trimestre, pola titora dos grupos, co asesoramento e colaboración da orientadora.

Tentaremos recoller un amplo abano de información relacionada con:

- Datos persoais, constitución física e saúde.
- Pautas evolutivas.
- Estructura e dinámica familiar.
- Ton, ritmo e nivel de actividade.
- Autonomía de hábitos.
- Interrelacións cos adultos e iguais.
- Nivel de desenvolvemento nas diferentes áreas: perceptivo, motriz, linguaxe...
- Intereses, preferencias, grao de idependencia...

Para levar a cabo esta avaliación fundamentalmente teremos en conta:

- A información proporcionada pola familia na entrevista inicial.
- Informes médicos, ou doutro tipo, se os hai.
- Observación sistemática de cada neno e das súas realizacións.
- Cumplimentación de protocolos específicos para alumnado desta idade.

Os datos recollidos nesta avaliación formarán parte do expediente dos alumnos e alumnas e servirán para propoñer plans específicos de actuación nos ámbitos que pensemos que sexan deficitarios, a nivel xeral, ou con determinados alumnos en particular.

AVALIACIÓN DE HABILIDADES DE DESENVOLVEMENTO MADURATIVO

O proxecto que se propón ten como obxectivo aportar información ós titores ó inicio da E. Primaria dos requisitos básicos adquiridos, en forma de habilidades cognitivas e metacognitivas do alumnado para potenciar un modelo de actuación baseado en criterios preventivos, que evite ou reduza, a incidencia dos problemas de maduración que poidan presentar os nenos e nenas.

Este traballo de avaliación permitirá detectar alumnos e alumnas en situación de desventaxa e planificar as intervencións necesarias dende a escola e dende a familia. Baseámonos no feito de que o desenvolvemento cognitivo pódese estimular, acelerar ou compensar mediante o deseño de condicións favorables no contorno.

Os **obxectivos específicos** que prantexamos son os seguintes:

- Evalúa-lo grao de adquisición/asimilación dos requisitos madurativos propios do nivel.
- Detecta-los déficits nesas áreas, tanto a nivel individual coma grupal.
- Establecer accións preventivas e correctivas axeitadas.
- Contribuír ó desenvolvemento cognitivo e madurativo xeral do alumnado.

As **actuacións** que se enmarcan serán:

- Avaliación do alumnado do último curso de E. Infantil, será levada a cabo pola orientadora do centro e recollerá información sobre o nivel de maduración global, a asimilación dos conceptos básicos, predomínio lateral, desenvolvemento da motricidade fina... Esta avaliación é moi importante porque vains permitir facer un seguimento exhaustivo de cada alumno do colexio de aquí en diante.
- Análise e tratamento dos datos. Informe individual de cada neno que pasará a formar parte do seu expediente e será explicado ós titores correspondentes.
- Establecemento de estratexias correctivas para os alumnos e alumnas que o precisen.

HÁBITOS E TÉCNICAS DE ESTUDIO

Cando os nenos e nenas acceden ó 3º ciclo de E. Primaria comezamos a esixir-lle nalgúns áreas un nivel abstracto de pensamento e a manipulación dunha gran cantidade de información. Ocorre que moitos deles aínda non chegaron a ese estadio de pensamento e de tódolos xeitos, todos eles precisan da nosa axuda para poder procesar cada vez máis información e cada vez máis abstracta.

Ademáis estes alumnos e alumnas vanse enfrontar axiña ós requerimentos da educación secundaria, precisarán estratexias, procedementos ... de tipo intelectual e actitudinais que lles axuden a superalos con éxito e cun alto grao de motivación.

O saber estudar e domina-las técnicas de traballo intelectual é hoxe un importante reto, de feito o desenvolvemento curricular das distintas áreas establecen obxectivos que fan clara referencia á adquisición por parte do alumnado de habilidades, estratexias, metodoloxías...(contidos procedimentales) que poidan servir de instrumento do seu aprendizaxe, unha ferramenta para servirse dela para aprender.

Trátanse de actividades de apoio que entrenen o alumnado a coñecer e controlar os factores psicofísicos que interveñen na súa conducta fronte o estudio, que lle axuden a organizar tódolos recursos materiais e estruturais para facilita-las aprendizaxes e a proporcionarlle dun modo práctico, as habilidades precisas de lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquematización, memorización, procedementos gráficos... para que a súa formación procedimental adquira un carácter globalizador, integral e operativo, de xeito que poida aplicar as habilidades adquiridas no seu quefacer cotiá de estudante.

Este programa está destinado ó alumnado do 3º ciclo de E. Primaria, en 5º con moito apoio do profesorado, e en 6º que eles sós vaian facendo resumos, esquemas ..., en función dos temas que se estean a traballar nas distintas áreas.

Tamén nas reunións de principio de curso ós pais e nais incidirase na necesidade da súa implicación para axudar a estudar ós fillos e fillas, aspectos importantes e pautas de actuación concretas.

Do mesmo xeito e para motivalos de cara ó futuro a orientadora impartirá ós nenos e nenas de 6º unha charla sobre ós estudos da E.S.O. para informalos dos plans de estudos, das distintas optativas, da oferta do I.E.S., dos cambios... Procurarase tamén que alumado do IES de Mos lles conte dende a súa experiencia como se vive o tránsito dunha etapa a outra, os principais atrancos, a forma de resolvelos...

No mesmo senso haberá xuntanzas coas familias, informando sobre as peculiaridades deses estudos e do I.E.S. de Mos en particular, de como afrontar cos nenos os cambios, como axudalos a nivel persoal, social e curricular, como resolver e canalizar os problemas que poidan xurdir...e previsiblemente realizarán unha visita ás instalacións do I.E.S.

Con estas actividades, a realizar no 3º trimestre, esperamos propiciar tamén a reflexión e o intercambio de opinións, expectativas entre ós pais/nais e os seus fillos/as.

PLAN DE CONVIVENCIA

No colexio pensamos que o clima ou ambiente que caracteriza o centro e cada aula concreta afecta directamente á convivencia, inflúe de cheo no comportamento das persoas e nos procesos de ensino-aprendizaxe. De aí a necesidade de traballar na consecución dun clima positivo, agradable, distendido e sereno que favoreza as relacións humanas e o desenvolvemento óptimo das tarefas educativas.

Para obter un contexto positivo pensamos que a organización é a peza clave, organización a nivel de centro (documentos que regulan a vida do centro, funcionamento dos recursos para facelos efectivos...) e de aula.

O pasado curso elaborouse unha parte importante do Plan de Convivencia do colexio.

Seguindo as instrucións da Consellería elaboramos o relativo ós seguintes aspectos:

- Obxectivos.
- Procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e a consecución dun adecuado clima de centro.
- Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en relación coa convivencia.
- Funcións dos membros da comunidade educativa en relación coa convivencia.
- Criterios de actuación respecto ó alumnado que presenta alteracións conductuais.
- Criterios de actuación ante situacións de posible acoso escolar.

O traballo desenvolvido foi importante, este curso remataremos este plan:

- Normas e procedementos de resolución de conflitos e
- Seguimento e avaliación do plan.

De tódolos xeitos o máis importante, o reto para este curso será a súa posta en marcha. É fundamental para que resulte un elemento funcional para o colexio a sensibilización de tódolos membros da Comunidade Educativa, sobre todo do profesorado.

TEMPORALIZACIÓN

Concrétanse neste apartado as actividades que farán posible a consecución dos obxectivos deste plan. A distribución por trimestres ten un carácter flexible, de feito moitas delas levaranse a cabo durante todo o curso.

1º trimestre:

- Constitución formal do departamento.
- Elaboración deste plan anual.
- Reunión de coordinación co I.E.S.
- Coordinación da atención ó alumnado con necesidade de apoio.
- Reunións de ciclo para prepara-las reunións conxuntas cos pais e nais.
- Avaliación inicial do alumnado do 4º curso de E. Infantil.
- Entrevista inicial ás familias do alumnado de nova incorporación.
- Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención para o alumnado con necesidade de apoio específico que se detecte.
- Elaboración de A.C.Is que sexan precisas.
- Posta en marcha dos programas para o alumnado (técnicas de estudo, talleres de lingua oral).
- Iniciar o traballo sobre o plan de convivencia.
- Participación nas sesións de avaliación.

2º trimestre:

- Coordinación da atención ó alumnado con necesidade de apoio.
- Reunións de traballo para face-lo seguimento dos distintos programas xerais e face-las modificacións oportunas.
- Reunión de coordinación co I.E.S.
- Participación nas sesións de avaliación.

3º trimestre:

- Coordinación da atención ó alumnado con necesidade de apoio.
- Reunións de traballo para face-lo seguimento dos distintos programas xerais e face-las modificacións oportunas.
- Avaliación do alumnado do 3º curso de E. Infantil.
- Reunión de coordinación co I.E.S.
- Actividades de coñecemento da E.S.O. e do I.E.S. de Mos para o alumnado de 6º e as súas familias.
- Realiza-los dictámenes de escolarización que se precisen, se é o caso.
- Participación nas sesións de avaliación.
- Elaboración da memoria do curso.

METODOLOXÍA

Procuraremos empregar unha metodoloxía que favoreza a participación activa e cooperativa por parte de tódolos implicados nos diferentes programas. Traballo cooperativo estruturado desenvolvido en:

- Reunións titores, mestres de P.T., A.L.e apoio, orientadora, pais e nais, educadora social do concello... para intercambios de información, avaliación, programación...
- Reunións do departamento.
- Reunións da C.C.P.
- Reunións de ciclo.
- Reunións de claustro.

RECURSOS

- RECURSOS PERSOAIS:

- Xefa do Departamento.
- Unha profesora especialista en P.T.
- Dous profesores especialista en A.L.(un deles é o Xefe de Estudos e a outra é compartida con outro centro)
- 26 mestres e mestras titores e con especialidades.
- Unha coidadora.

- RECURSOS MATERIAIS:

- Despacho do Departamento de Orientación, dotado de ordenador con impresora, arquivador, estanterías, mesa e cadeiras.
- Aula de apoio para uso da mestra especialista en P.T.
- Dúas aulas de apoio para uso do profesorado especialista en A.L.
- Materiais de diagnose: tests, probas estandarizadas, protocolos de recollida de información, escalas de observación...
- Libros e manuais: de orientación e titoría, sobre estratexias de ensino, sobre innovación educativa...
- Materiais de apoio nos procesos de aprendizaxe.
- Documentos sobre lexislación educativa.

AVALIACIÓN

Para non perder de vista as actividades que, a nivel xeral, se programan, compre avaliar este plan xeral. A avaliación será continua, durante a posta en marcha das actividades, modificando aquelas que por calquera causa resulten inadecuadas. Tamén o final do curso haberá que facer unha valoración sobre o plan pondo especial fincapé nas posibles melloras para o vindeiro curso.

Como criterios utilizables para a avaliación podemos utiliza-los seguintes:

- Eficacia, relación entre o proposto e o alcanzado.
- Pertinencia, adecuación ás necesidades.
- Aplicabilidade/funcionalidade, capacidade para adaptarse ás situacións concretas.
- Utilidade, grao en que puido ser aplicado.

Mos, 9 de outubro de 2.008.

A Xefa do Departamento

Asdo.: M^a Carmen Rajoy González

HORARIO ORIENTADORA

D^a M^a CARMEN RAJOY GONZÁLEZ

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	GARDA	PAIS E NAIS	COORDINA. PT-AL	PAIS E NAIS	PAIS E NAIS
2ª SESIÓN	ALUMNADO/ PROFESOR.	BIBLIOTECA	COORD. 2º CICLO	COORD. 3º CICLO	INFANT. 3
3ª SESIÓN	ALUMNADO/ PROFESOR	ALUMNADO/ PROFESOR.	COOR. 3º CICLO	COORD. INFANTIL/ 1º CICLO	BIBLIOTECA
4ª SESIÓN	ALUMNADO/ PROFESOR	GARDA	BIBLIOTE CA	COORD. 1º-2º CICLO	ALUMNADO/ PROFESOR
5ª SESIÓN	PAIS E NAIS	PAIS E NAIS			PAIS E NAIS

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

D^a. ISABEL DOMÍNGUEZ CARRERA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	4º B	4º A	COORD. OR.	4º A	INFANTIL
2ª SESIÓN	INFANTIL	INFANTIL	4º B	INFANTIL	4º B
3ª SESIÓN	1º	2º A	4º A	4º B	4º A
4ª SESIÓN	2º A	1º	2º A	1º	1º - 2º
5ª SESIÓN	G	G	INFANTIL		

AUDICIÓN E LINGUAXE

D. ARCADIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

	LUNS	MARTES	MÉRCO-RES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	1º	XEFATURA	COORD. ORIEN.	XEFATURA	GARDA
2ª SESIÓN	INFANTIL	INFANTIL	OB. 4 B	OB. 3 B	INFANTIL
3ª SESIÓN	XEFATURA	1º	INFANTIL	1º	1º
4ª SESIÓN	GARDA	XEFATURA	1º	INFANTIL	XEFATURA
5ª SESIÓN	OB. 4 A	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA

Dª. SONIA LÓPEZ FRANCISCO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	2º		COORD. ORIEN.		2º
2ª SESIÓN	1º		2º		GARDA
3ª SESIÓN	2º/3º		1º		1º
4ª SESIÓN	2º		2º		2º-3º/1º
5ª SESIÓN	OB 5A/1º		1º/OB. 5B		